

XIII
**CONCURSO
ESCAPARATES**
CONCELLO ARTEIXO
2017

FOLLA INSCRICIÓN

Premio ao
mellor escaparate:

900€

segundo premio: terceiro premio:

600€ 300€

Accésit
á orixinalidade:

300€

Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo unha solicitude de inscrición, segundo o modelo creado para tal efecto e que se inclúe no anexo. Igualmente tamén poderán presentarse por correo electrónico ao enderezo emprego@arteixo.org.



 **ARTEIXO** | Concellaría de
Promoción e
Desenvolvemento

Avda. Arsenio Iglesias, Parcela 46. Pol. Ind. de Sabón. 15142 ARTEIXO

 981 64 05 72  981 64 11 66  emprego@arteixo.org

XIII
**CONCURSO
ESCAPARATES**
CONCELLO ARTEIXO
2017

*Decora o teu escaparate
con motivos navideños
e participa no concurso*

 **CONCELLO DE
ARTEIXO** | Concellaría de
Promoción e
Desenvolvemento



XIII
**CONCURSO
ESCAPARATES**
2017

1

O Concello de Arteixo, a través da súa Concellaría de Promoción e Desenvolvemento convoca o "XIII Concurso de Escaparates do Nadal 2017".

2

Poderán participar neste concurso todos os comercios, servizos e hostalería que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo, sempre que cumpran todos os requisitos para o exercicio da actividade e teñan escaparate decorado con motivos navideños como mínimo durante un período comprendido entre o **9 de decembro de 2017 e o 5 de xaneiro de 2018**.

3

Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado para tal efecto e que se inclúe no anexo. Igualmente tamén poderán presentarse por correo electrónico ao enderezo **emprego@arteixo.org**.

4

O **prazo de inscricións comezará** ás 9:00 horas do día **27/11/2017** e rematará ás 14:00h. do día 07/12/2017.

5

As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado o día 12/12/2017 e sucesivos de ser necesario, entre as 18:00 e as 21:00 horas.

6

O **xurado estará composto por:**

-Dous representantes do mundo comercial e artístico especializada en técnicas de escaparatismo e merchandising.

-Técnico/a do Departamento de Promoción e Desenvolvemento do Concello de Arteixo ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretaria do xurado.

7

Establécense catro categorías de premios dotados coas seguintes contías:

-Primeiro premio:
900 euros (novecentos euros)

-Segundo premio:
600 euros (seiscentos euros)

-Terceiro premio:
300 euros (trescentos euros).

-Accésit á orixinalidade:
300 euros (trescentos euros).

Os anteditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalas como beneficiarias segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

8

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

9

A adxudicación dos premios farase en función dos puntos outorgables para os seguintes criterios:

-**Á imaxe comercial** e presentación do produto: ata 4 puntos.

-**Á creatividade** da decoración: ata 4 puntos.

-**Á iluminación** do establecemento: ata 4 puntos.

-**Á composición** e adecuada distribución espacial: ata 4 puntos.

A excepción do premio "Accésit á orixinalidade" onde só se terá en conta este criterio.

10

O **resultado** do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer o día 15/12/2017.

11

O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases.



FOLLA INSCRICIÓN

DATOS DA EMPRESA

Razón Social: _____

CIF/NIF: _____

Nome Comercial: _____

Actividade: _____

Enderezo: _____

Email: _____

Teléfono: _____ Fax: _____

SÓ EN CASO DE PERSOAS XURÍDICAS

Nome e Apelidos: _____

DNI/NIE: _____

En calidade de: _____

Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as bases do concurso.

Data: _____

Sinatura do titular ou representante legal:

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)
En virtude do artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán incorporados a ningún ficheiro automatizado. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón do Pico 1, Arteixo.

